

materia

Economía da Empresa

unidade didáctica 4

Interpretación e análise da información financeira

Pablo Durán Santomil

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,
CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA



unidade didáctica 4

Interpretación e análise da información financeira

Pablo Durán Santomil

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



Copyright © Universidade de Santiago de Compostela, 2012

Deseño

Unidixital

Edita

Vicerreitoría de Estudantes,
Cultura e Formación Continua
da Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

Imprime

Unidixital

Servizo de Edición Dixital da
Universidade de Santiago de Compostela

Dep. Legal: C 1137-2012

ISBN 978-84-9887-891-2

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos.
Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta
obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-
trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen
consentimento expreso por escrito dos editores.

MATERIA: Economía da Empresa
TITULACIÓN: Grao en Enxeñaría Química
PROGRAMA XERAL DO CURSO
Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Actividade económica e empresa: o papel da contabilidade e as finanzas.

Unidade II. Fundamentos de cálculo financeiro e métodos de avaliación e selección de investimentos.

Unidade III. Fundamentos de Contabilidade e os Estados contables

Unidade didáctica IV. Interpretación e análise da información financeira

Diferenzas en valores absolutos e porcentaxes

Cocientes de liquidez e solvencia

Cocientes de rendibilidade

Análise do fondo de manobra

Unidade didáctica V. Liñas básicas de elaboración e uso dos orzamentos e as fontes de financiamento na empresa.

Unidade didáctica VI. Análise do risco económico e financeiro.

ÍNDICE

Presentación	7
Palabras chave	7
Os obxectivos	7
A metodoloxía	7
Os contidos	8
1. Diferenzas en valores absolutos e porcentaxes	9
2. Cocientes de liquidez e solvencia	10
3. Cocientes de rendibilidade	12
4. Análise do fondo de manobra	13
Actividades propostas	15
Avaliación	17
Bibliografía	18

PRESENTACIÓN

A contabilidade financeira é a encargada de elaborar as contas anuais dunha empresa, que é un documento que resume e presenta unha visión global dos seus investimentos e financiamentos. A análise de estados financeiros permite analizar económica e financeiramente unha empresa, de forma que podemos diagnosticar a situación actual, como se chegou a ela ou estimar o seu comportamento futuro.

Esta unidade didáctica forma parte da materia de Economía da Empresa impartida no segundo curso do Grao en Enxeñaría Química. Destínase a conceptos básicos de análise e interpretación dos principais estados contables (conta de perdas e ganancias e balance). Unha vez abordada na unidade III os elementos e composición de ditos estados, nesta unidade móstranse as principais técnicas e métodos para a súa análise. En canto á duración, está deseñada para ser desenvolvida nunhas 5 ou 6 horas expositivas e interactivas.

PALABRAS CHAVE

Activo, pasivo, patrimonio neto, conta de perdas e ganancias, balance, contas anuais, cocientes de liquidez, cocientes de solvencia, cocientes de rendibilidade, fondo de manobra.

OS OBXECTIVOS

Esta unidade didáctica contribuiría á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- Proporcionar os coñecementos necesarios para o uso da información contable como base para a planificación e o control.

En canto aos obxectivos específicos, nesta unidade preténdese:

- Comprender a importancia do balance e da conta de perdas e ganancias coma fonte de información.
- Describir a composición principal do patrimonio e do resultado dunha empresa.
- Elaborar unha opinión razoada sobre a situación económica e financeira dunha empresa.

A METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada nesta unidade didáctica será semellante ás das outras unidades desta materia. En primeiro lugar, realizarase unha explicación dos contidos teóricos por parte do profesor mediante lección maxistral. Os principios teóricos e os conceptos fundamentais da unidade

desenvolveranse nas clases expositivas da materia, proxectando na aula unha presentación.

Nunha segunda etapa o profesor realizará exemplos prácticos dos contidos abordados e aclarará as dúbidas que poidan xurdir. Deste xeito trátase de reforzar a aprendizaxe dos aspectos teóricos tratados e darlles contido. Para o seguimento das devanditas clases, os estudantes disporán do material didáctico a través da plataforma virtual da USC (*Blackboard*). Na terceira etapa o alumnado deberá realizar os exercicios propostos que se colgarán na plataforma virtual. Estas actividades desenvolveranse nas clases interativas, parte terán que ser resoltas de forma individual e parte en talleres de grupo. Posteriormente fomentárase o debate e establecemento de discusións sobre os resultados obtidos polos alumnos.

Finalmente realizarase un traballo en grupos de 3-4 estudantes no que terán que analizar e interpretar adecuadamente a información financeira dunha empresa que lles será asignada na aula.

OS CONTIDOS

A análise de estados financeiros é o conxunto de ferramentas e métodos que se aplican sobre a información contable dunha empresa, permitindo illar datos relevantes e significativos para a toma de decisións. O obxectivo é o de elaborar un diagnóstico en relación con diferentes aspectos da súa situación económica e financeira. Os usuarios interesados son tanto internos (xerencia) como externos (acreedores, investidores, etc.). Cada un destes grupos de persoas ou entidades interesadas nos resultados da análise dirixe a súa atención cara a algúns dos indicadores calculados tendo en conta os seus obxectivos particulares. Neste sentido cada usuario formula distintas cuestións, algunhas das cales se resumen no cadro inferior.

Acreedores	Por que quere endebedarse a empresa?, cal é a súa estrutura financeira actual?, xera suficientes recursos para devolver a débeda?, etc.
Investidores	Que resultado obtén e cales son as expectativas de beneficio futuro?, cal é o rendemento esperado do investimento?, etc.
Dirección	As anteriores e outras como: que áreas do negocio funcionan adecuadamente e cales non?, cales son as forzas e debilidades da situación financeira?, etc.

A análise económico-financieira dunha empresa é un proceso que podemos clasificar en tres etapas:

- Etapa inicial: obxectivos e recollida de información. Nunha primeira instancia débense establecer os obxectivos da análise, é dicir, en función do usuario darase resposta á pregunta de para que se realiza a análise? Ademais, nesta etapa procédese á recollida da información requirida, na que o usuario deberá familiarizarse coa empresa (contas anuais, historia e evolución, etc.) e o sector no que opera (contorna, vantaxes e desvantaxes competitivas, etc.).
- Segunda etapa: análise económico-financeira. Unha vez recollida a información realízase a avaliación dos estados financeiros da empresa mediante a aplicación das ferramentas de análise.
- Etapa final: síntese e conclusións. O usuario debe realizar unha síntese acerca da situación económica e financeira da empresa e sacar conclusións relevantes para a toma das súas decisións.

A análise que efectuemos sobre a situación dunha empresa podémola realizar en base a dous tipos de comparacións para que sexa significativa:

- Comparación dinámica. Confrontaremos a situación actual coa pasada ou prevista observando a evolución favorable ou desfavorable da empresa.
- Comparación estática. Consiste en comparar a empresa analizada con outras similares, coa media ou a mellor empresa do sector (*benchmarking*), ou con determinados obxectivos marcados pola xerencia no mesmo momento de tempo.

Entre os métodos máis utilizados na análise e interpretación dos estados financeiros están as diferenzas en valores absolutos, as porcentaxes horizontais e verticais, os cocientes de liquidez, solvencia e rendibilidade e, finalmente, a análise do fondo de manobra. A continuación analizaremos brevemente cada método.

1. Diferenzas en valores absolutos e porcentaxes

O método máis sinxelo consiste en comparar a diferenza en valores absolutos (aumento ou diminución en unidades monetarias) que presentan distintas partidas dos estados contables. Pódese comparar a diferenza que se produce nunha mesma partida, entre dúas partidas dunha mesma entidade ou entre partidas de distintas entidades. No seguinte cadro proporciónanse diversos exemplos deste tres tipos de diferenzas en valores absolutos.

As porcentaxes verticais permiten comprobar o peso relativo que unha partida ten respecto doutra da que se compara, tanto do balance como da conta de perdas e ganancias. Exemplos das devanditas porcentaxes serían o peso que o activo non corrente ten no total de activo da empresa (activo non corrente / activo total) ou a importancia do resultado de explotación dentro do resultado antes de impostos (Rdo. de explotación / Rdo. antes de impostos).

Mesma partida	<p>Crecedemento resultado: Resultado (t+1) – Resultado (t)</p> <p>Crecedemento activo: Activo total (t+1) – Activo total (t)</p> <p>Crecedemento vendas: Vendas (t+1) – Vendas (t)</p>
Distinta partida	<p>Fondo de manobra (t) = Activo corrente (t) – Pasivo corrente (t)</p> <p>Marxe bruta (t) = Vendas netas (t) – Custo das vendas (t)</p>
Empresas	<p>Resultado empresa A (t) – Resultado empresa B (t)</p> <p>Crecedemento en vendas empresa A - Crecedemento en vendas empresa B</p>

As porcentaxes horizontais son números índice, é dicir, permiten ver a evolución dunha determinada partida ao longo de sucesivos períodos tomando o primeiro de referencia. Miden taxas de variación (aumento ou diminución porcentual), calculándose como a diferenza en valores absolutos de determinada magnitude entre o seu valor inicial. A modo de exemplo, o incremento ou descenso que se produce no activo total dunha empresa en dous períodos consecutivos calcularémolo mediante a seguinte porcentaxe horizontal $[\text{Activo total (t+1)} - \text{Activo total (t)}] / \text{Activo total (t)}$.

2. Cocientes de liquidez e solvencia

Un cociente é unha unidade de medida moi utilizada para avaliar a situación dunha empresa e que debe ser comparado, para que teña sentido, entre empresas ou ao longo do tempo. Formalmente é a división entre dúas magnitudes relacionadas e con significación. Os cocientes non fornecen en si mesmos unha resposta definitiva, xa que o seu valor adecuado adoita variar respecto da industria analizada, o tamaño da empresa, os criterios contables utilizados, etc. Na práctica un mesmo valor para un índice pode ser bo para unha industria e malo para outra, o que leva en xeral ao emprego de moitos cocientes para analizar a situación económica e financeira da empresa. Os cocientes máis habitualmente empregados para analizar unha empresa clasifícamolos en:

- Cocientes de liquidez: tratan de medir a capacidade para cumprir todas as obrigacións financeiras a curto prazo.
- Cocientes de solvencia: tratan de medir a capacidade para facer fronte ás obrigacións contraídas a curto e longo prazo.

Os principais cocientes de liquidez, ordenados de maior ou menor liquidez son::

- Cociente de tesouraría ou liquidez inmediata. Mide a capacidade da empresa para afrontar as obrigacións a curto prazo cos seus recursos líquidos. O seu cálculo efectúase mediante a seguinte fórmula: $\text{Tesouraría (Dispoñible)} / \text{Pasivo corrente}$.
- Test ácido de liquidez, coeficiente ácido ou liquidez a curto prazo. Mide a capacidade da empresa para facer fronte ás débedas a curto prazo con independencia da realización de existencias, xa que estas constitúen a parte menos líquida do activo corrente. O seu cálculo efectúase mediante a seguinte fórmula $(\text{Activo corrente} -$

Existencias) / Pasivo corrente, que é equivalente a (Dispoñible + Exixible) / Pasivo corrente.

- Cociente de corrente ou liquidez. Indica a capacidade potencial que ten a empresa para pagar as súas obrigacións a menos dun ano. Compara o activo corrente coas débedas que haberá que atender a curto prazo. Calcúlase como Activo corrente / Pasivo corrente.

No seguinte cadro resúmense os cocientes de liquidez.

Cociente de tesouraría	Tesouraría (Dispoñible) / Pasivo corrente
Test ácido de liquidez	(Activo corrente - Existencias) / Pasivo corrente
Cociente de liquidez	Activo corrente / Pasivo corrente

Para analizar a solvencia dunha compañía empréganse os cocientes de solvencia. Os principais cocientes de solvencia son os seguintes:

- Cociente de endebedamento. Mide a relación entre os recursos alleos dunha empresa e os seus recursos propios. Calcúlase como Fondos alleos (Pasivo corrente + Pasivo non corrente) / Fondos propios (Patrimonio neto). Este cociente divídese nas súas versións cociente a curto prazo e a longo prazo que vemos a continuación. Ao inverso deste valor coñéceselle como cociente de autonomía financeira (Patrimonio neto / Fondos alleos)
- Cociente de endebedamento a curto prazo. Mide a solvencia da compañía para facer fronte ás débedas inmediatas ou a curto prazo. Calcúlase mediante a seguinte fórmula Pasivo corrente / Patrimonio neto.
- Cociente de endebedamento a longo prazo. Mide a solvencia dunha empresa para facer fronte ás débedas a longo prazo. Calcúlase como Pasivo non corrente / Patrimonio neto.
- Cociente de cobertura de activos con recursos propios. Indica a medida en que a empresa financiou os seus activos con capitais propios. Calcúlase como Activo total / Patrimonio neto.

No seguinte cadro resúmense os cocientes de solvencia.

Cociente de endebedamento	Pasivo / Patrimonio neto
Cociente de autonomía financeira	Patrimonio neto / Pasivo
Cociente de endebedamento a curto prazo	Pasivo corrente / Patrimonio neto
Cociente de endebedamento a longo prazo	Pasivo non corrente / Patrimonio neto
Cociente de cobertura de activos con recursos propios	Activo total / Patrimonio neto.

3. Cocientes de rendibilidade

Para analizar a estrutura económica da empresa empréganse os cocientes de rendibilidades, que establecen a relación entre o beneficio cos medios utilizados para a súa obtención. En xeral empréganse os conceptos de rendibilidade económica e rendibilidade financeira cuxas fórmulas se resumen no seguinte cadro.

Rendibilidade económica (Re ou ROA)	$\text{BAIT} / \text{Activos medios} = \text{Rdo. explotación} + \text{Ingresos financeiros} / \text{Activos medios}$
Rendibilidade financeira (Rf ou ROE)	$\text{Rdo. do exercicio ou neto (BDII)} / \text{Patrimonio neto medio}$

A rendibilidade financeira (Rf ou ROE) mide a capacidade da empresa para remunerar os seus accionistas (propietarios do Patrimonio neto). Expressa o beneficio do exercicio, neto ou BDII (beneficio despois de intereses e impostos) que obtén a empresa por cada 100 unidades monetarias de capital propio achegado.


A rendibilidade económica (Re ou ROA) mide a capacidade efectiva da empresa para remunerar todos os capitais investidos, sen considerar a forma na que foron financiados. Por tanto, expresa o beneficio antes de intereses e impostos (BAIT) que obtén a empresa por cada 100 unidades monetarias investidas no activo. A rendibilidade económica pódese calcular a partir da rendibilidade comercial e a rotación de activo total. Multiplicando numerador e denominador polo volume de Vendas (V), a fórmula da rendibilidade económica convértese en:

$$\text{ROA} = \text{BAIT} / \text{Activos medios} = (\text{BAIT} / V) \times (V / \text{Activos medios})$$

O termo BAIT / V é a rendibilidade comercial da empresa, que mide o beneficio obtido por cada unidade monetaria vendida. O termo $V / \text{Activos medios}$ é a rotación do total de activo, que expresa a eficiencia relativa con que unha empresa utiliza os seus activos para xerar os seus ingresos por vendas. A rotación do activo total pódese desagregar na rotación de cada un dos seus compoñentes: a rotación de activo corrente ($\text{Vendas} / \text{Activo corrente}$) e a rotación de activo non corrente ($\text{Vendas} / \text{Activo non corrente}$). Dentro da rotación de activo corrente adóitase distinguir entre os seus principais compoñentes: a rotación de existencias ($\text{Vendas} / \text{Existencias}$), a rotación de clientes ($\text{Vendas} / \text{Créditos}$) e a rotación de tesouraría ($\text{Vendas} / \text{Tesouraría}$). No seguinte cadro resúmense as rotacións analizadas.

Rotación de activo non corrente	$\text{Vendas} / \text{Activo non corrente}$
Rotación de activo corrente	$\text{Vendas} / \text{Activo corrente}$
Rotación de existencias	$\text{Vendas} / \text{Existencias}$
Rotación de clientes	$\text{Vendas} / \text{Clientes}$
Rotación de tesouraría	$\text{Vendas} / \text{Tesouraría}$

No seguinte gráfico resúmese o cálculo da rendibilidade económica a través dos seus compoñentes.



4. Análise do fondo de manobra

Os cocientes de liquidez analizados anteriormente tratan de medir a capacidade para cumprir todas as obrigacións financeiras a curto prazo, pero outro indicador importante é o fondo de manobra. O capital corrente, fondo de manobra ou de rotación é a parte do activo corrente que excede ás débedas a curto prazo (Activo corrente - Pasivo corrente). Alternativamente, pódese calcular como Patrimonio neto + Pasivo non corrente - Activo non corrente. O fondo de rotación (FR) actúa como unha marxe de seguridade, de forma que se garante que a empresa conte con activos a curto prazo suficientes para facer fronte ás débedas ao devandito prazo. Non obstante, a existencia dun fondo de manobra positivo non significa que a empresa non teña problemas financeiros a curto prazo. De maneira inversa un FR negativo pode ser normal para certas empresas, debido a tres principais razóns:

- Carácter heteroxéneo das partidas que conforman o capital corrente. Os activos correntes teñen distintas liquidez e os pasivos correntes distinto vencemento.
- O fondo de rotación calcúlase nunha data concreta. A situación da empresa en datas previas ou posteriores pode producir valores distintos.
- Analizar as necesidades de financiamento da empresa. Existen empresas que teñen un fondo de rotación negativo sen perigo de suspensión de pagos.

Nunha empresa a explotación orixina unhas necesidades de financiamento que dependen principalmente do sector, do nivel de actividade e da duración do ciclo de explotación. Desta forma existirá un equilibrio se o fondo de rotación é superior ás necesidades de fondo de rotación, e viceversa. É dicir, existirá un desequilibrio se o fondo de rotación

As fórmulas para calcular a rotación e o período medio de pagos, cobros e almacenaxe ou existencias resúmese no cadro inferior.

Rotación de pago	Compras / Provedores
Período medio de pago (PP)	Provedores / (Compras / 360)
Rotación de cobros ou clientes	Vendas / Clientes
Período medio de cobro (PC)	Clientes / (Vendas / 360)
Rotación de almacenaxe ou existencias	Consumo / Existencias
Período medio de almacenaxe (PA)	Existencias / (Consumo / 360)

O fondo de rotación necesario para calquera empresa comercial calcularíase de forma simplificada como o saldo necesario en Clientes e Existencias menos o saldo medio dos Provedores:

- Saldo necesario en Clientes: as vendas diarias (Vendas / 360) multiplicadas polos días a financiar (PC) con capitais permanentes ditas vendas.
- Saldo necesario en Existencias: o consumo diario (Consumo mercadorías¹ / 360) multiplicadas polos días por financiar (PA) con capitais permanentes dito consumo.
- Saldo medio de Provedores: as compras diarias (Compras / 360) multiplicadas polos días que en media nos financian os nosos provedores (PP).

Os anteriores saldos tamén se poden calcular en función de rotacións, a partir da fórmula: Rotación = 360 / Período medio que resulta nas fórmulas que se amosan no cadro inferior.

Saldo necesario en Clientes	Vendas / Rotación de cobros
Saldo necesario en Existencias	Consumo / Rotación de almacenaxe
Saldo medio de Provedores	Compras / Rotación de pago

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Dividimos as actividades que se van realizar naquelas que pretenden valorar os coñecementos previos do alumnado e motivar o interese por esta unidade didáctica de aqueloutras que pretenden desenvolver os seus contidos prácticos.

¹ O consumo pódese calcular como as Compras + Existencias iniciais – Existencias finais de mercadorías.

Actividades de coñecementos previos e motivación:

1. Busca de información na Internet dos requisitos de capital a caixas e bancos que o Banco de España impuxo no ano 2011. Pode consultarse, por exemplo a nova publicada no diario El País o 10 de marzo do 2011 [http://economia.elpais.com/economia/2011/03/10/actualidad/1299745984_850215.html]

2. Os anteriores requisitos establecen que se lles aplica unha esixencia de capital principal do 8% ou 10% (*core capital* ou capital básico ás entidades), aproximadamente a relación entre capital máis reservas (fondos propios) e o total de pasivo do banco. Debater se a unha PEME afectara o anterior cociente cando acuda a un banco a solicitar financiamento.

Actividades de desenvolvemento:

1. O Banco Santander, na súa presentación de resultados do cuarto trimestre do ano 2010, detallou que tiña uns fondos propios (e pasivos permanentes) de 107 miles de millóns de euros, e o total de pasivos ascendía a 1.218 miles de millóns de euros. Calcula a ratio de capital básico de dita entidade nesa data.

2. Unha empresa presenta a seguinte estrutura económica en tres períodos analizados:

	2008	2009	2010
Activo non corrente	100	105	110
Activo corrente	100	95	90

Calcula as diferenzas en valores absolutos, as porcentaxes verticais e horizontais de dita entidade.

3. Unha empresa presenta o seguinte balance para dous períodos consecutivos (N e N+1). Calcula o fondo de manobra e comenta se advirtes algunha diferenza entre a situación da empresa nos dous anos.

ACTIVO	N	N+1	PASIVO	N	N+1
ANC	4.000	4.000	PN	5.000	5.000
AC	5.000	5.000	PNC	1.000	1.000
Mercadorías	2.000	2.500	PC	3.000	3.000
Cientes	2.000	2.400	Provedores	3.000	3.000
Tesouraría	1.000	100			
TOTAL	9.000	9.000	TOTAL	9.000	9.000

4. Nunha empresa comercial as vendas no último ano ascenderon a 3.000 €. O saldo de clientes a inicio do exercicio era de 300 € e, a final, de 200 €. Calcular a rotación de cobro e o prazo de cobro.

5. Unha empresa presenta os seguintes datos respecto o seu activo corrente o día anterior ao peche do exercicio (30/12) e ao día de peche do exercicio (31/12). Calcular o fondo de manobra (FM) e o cociente de liquidez. A que podería ser debido dito cambio? Razoa a resposta.

	AC	PC	FM	Cociente de liquidez
Empresa 30-12	10.000	5.000		
Empresa 31-12	6.000	1.000		

6. Unha empresa presenta o seguinte Balance no ano N:

ACTIVO	IN	PASIVO	N
ANC	200.000	PN	700.000
AC	800.000	Capital social + Reservas	600.000
		Resultado do exercicio	100.000
		PNC	100.000
		PC	200.000
TOTAL	1.000.000	TOTAL	1.000.000

E a seguinte Conta de Perdas e Ganancias:

BAIL (Beneficio antes de intereses e impostos)	150.000
menos Gastos financeiros	-16.666,66
BAI (Beneficio antes de impostos)	133.333,33
menos Imposto sobre sociedades (IS t=25%)	-33.333,33
BDI (Beneficio despois de impostos)	100.000

Calcular a ROA e ROE e razoar por que unha é superior a outra.

7. Acceder á aula virtual e en grupos reducidos (2 ou 3 persoas) analizar a información financeira da empresa proposta empregando a folla de Excel destinada a tal fin. En base os métodos analizados realizar un breve informe sobre a súa situación económica e financeira.

8. Analizar a información financeira da empresa proposta polo profesor a cada grupo de 3 a 4 persoas empregando unha folla de cálculo (Excel ou OpenOffice Calc). Realizar un breve informe sobre a súa situación económica e financeira e expolo mediante presentación (PowerPoint ou OpenOffice Impress). Pódese completar ou apoiar os cocientes calculados con gráficos, etc.

AVALIACIÓN

A avaliación desta unidade didáctica será realizada en tres etapas:

- Na primeira etapa realízase a avaliación inicial que tratará sobre os coñecementos previos do alumnado. Para levar a cabo esta tarefa realizarase un debate aberto na clase o inicio do primeiro día de clase expositiva.

- A segunda etapa será a avaliación procesual. Esta será unha avaliación continua co fin de detectar as dificultades de aprendizaxe do alumnado. O profesor supervisará os exercicios feitos na clase ou propostos para facer na casa tanto de xeito presencial na aula como a través dos recursos informáticos (correo electrónico e *Blackboard*).
- Por último, realizarase unha avaliación final para constatar os resultados obtidos polos alumnos nesta unidade didáctica. Os alumnos deberán expor nas titorías de grupos a análise da empresa efectuada na actividade 8. A nota alcanzada formará parte da súa cualificación final.

BIBLIOGRAFÍA

ARCHEL DOMENCH, P., F.E. LIZARRAGA DALLO e S. SÁNCHEZ ALEGRÍA (2008): *Estados contables. Elaboración, análisis e interpretación*. Ed. Pirámide, Madrid.

GARRIDO MIRALLES, P. e R. ÍÑIGUEZ SÁNCHEZ, (2010): *Análisis de estados contable. Elaboración e interpretación de la información financiera*, Ed. Pirámide, Madrid.

REAL DECRETO 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade. Dispoñible en http://boe.es/boe_gallego/dias/2007/11/20/pdfs/A00003-00152.pdf [Consulta: 26/02/2012].

REAL DECRETO 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas. Dispoñible en http://boe.es/boe_gallego/dias/2007/11/21/pdfs/A00003-00102.pdf [Consulta: 26/02/2012]



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade



Impreso en papel 100% reciclado e libre de cloro



SERVIZO DE NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

